

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACCIÓNS DIRIXIDAS Á POBOACIÓN XITANA DURANTE O EXERCICIO 2023.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 124/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

D. Isidro Juan Rodríguez Hernández, con DNI 50804366B, director xeral da Fundación Secretariado Gitano, que actúa no seu nome e representación en virtude do poder outorgado ante a Notaria do Ilustre Colexio de Aragón Isabel Rufas de Benito o 28 de novembro de 2022, con número de protocolo 2.053, inscrita no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Xustiza o 28 de decembro de 2001.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto

EXPOÑEN

I. Que os poderes públicos galegos teñen encomendada a obriga de promover as condicións para que a igualdade e a liberdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, social e cultural.

II. Que en uso da competencia exclusiva recollida no artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia, desenvolveuse un sistema galego de servizos sociais, regulado pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia en virtude da cal corresponde á Xunta de Galicia a planificación e programación xeral dos servizos sociais no ámbito territorial de Galicia, mediante a elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais e os plans e programas sectoriais.



III. Que á súa vez, o artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, define como obxectivo do sistema galego de servizos sociais facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social.

IV. Que do mesmo modo, na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no artigo 57.4 establece que as administracións autonómica e local poderán conceder subvencións, así como subscribir, de acordo co artigo 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, convenios de colaboración con entidades de iniciativa social que dispoñan da capacidade e dos medios adecuados para a realización das actividades de inserción social de colectivos con problemáticas específicas e persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.

V. Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de benestar e inclusión social e consecuentemente a atención das minorías étnicas, conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

VI. Que a Fundación Secretariado Gitano é unha entidade sen ánimo de lucro de natureza fundacional, recoñecida e inscrita no Rexistro de Fundacións de competencia estatal por resolución do 28.12.2001 co número de rexistro 630,, recoñecida e inscrita así mesmo no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Xuventude co núm. E-1729.

A Fundación Secretariado Gitano ten entre as súas funcións a promoción integral da poboación xitana dende o recoñecemento da súa identidade cultural e con esta finalidade desenvolve accións tendentes a facilitar o acceso das persoas xitanas aos servizos e recursos sociais en igualdade de condicións que o resto da cidadanía.

VII. Que as partes coinciden en que a situación das minorías étnicas con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para acadar unha completa incorporación social. Estas medidas son coherentes coas directrices que estableceu a Estratexia de Inclusión Social de Poboación Xitana en Galicia enmarcada na última Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020 e cos obxectivos Político 4: Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de Dereitos Sociais; Obxectivo específico 4j, promover a integración socioeconómica das comunidades marxinadas, como a poboación romaní, do Regulamento (UE) nº 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº 1296/2013. De conformidade con estas medidas o presente convenio pretende facilitar itinerarios de inclusión e transición ao emprego das persoas xitanas que teñen necesidade de integración, realizando actuacións dirixidas á formación profesional ocupacional e á orientación laboral.

En Galicia esta entidade dispón dunha importante solvencia técnica avalada por



unha traxectoria de décadas no traballo coa poboación xitana galega. Goza de implantación de ámbito autonómico, e conta con sedes nas sete cidades galegas de maior tamaño e unha estrutura de persoal e recursos acorde a iso, sendo a única entidade de ámbito autonómico que desenvolve actuacións especificamente dirixidas á poboación xitana. Por outra banda, cabe destacar que, ademais de desenvolver programas de intervención directa con persoas a Fundación Secretariado Xitano ten realizado investigacións e estudos de interese sobre a situación da poboación xitana. Conta, polo tanto, cun coñecemento rigoroso e actualizado da realidade desta comunidade. Non existe outra entidade nesta comunidade autónoma que traballe co colectivo xitano prestándolle a atención profesional que esixe nun ámbito territorial tan extenso. Todo iso xustifica o interese social deste convenio e a imposibilidade de promover a concorrencia pública para alcanzar seus obxectivos.

En atención a estas consideracións, co fin de mellorar as condicións de vida e a plena participación social, especialmente no mercado de traballo e o emprego, as partes comparecentes na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para a concesión directa dunha subvención destinada a desenvolver o programa de itinerarios integrados de inclusión socio-laboral para a poboación xitana denominado "Acceder", con atención ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

1. O obxecto do presente convenio consiste na concesión por parte da Consellería de Política Social e Xuventude dunha subvención pública para o desenvolvemento por parte da Fundación Secretariado Gitano no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de actuacións dirixidas ás minorías étnicas coa finalidade de promover a inclusión social a través de políticas activas centradas na loita contra a discriminación, concretamente no programa itinerarios integrados de inclusión socio-laboral para a poboación xitana: ACCEDER.

2. A concesión da subvención obxecto deste convenio, a favor da Fundación Secretariado Gitano destinase ao desenvolvemento de actuacións especialmente encamiñadas á formación profesional ocupacional, á orientación laboral, ao acompañamento no acceso ao emprego, a accións de sensibilización dirixidas a empresarios e entes públicos e á realización de estudos e metodoloxías para aplicar ao programa. Concretamente, levará a cabo as seguintes actuacións:

a) Mantemento de sete dispositivos de intervención, coa finalidade de realizar accións de acollida, orientación, acompañamento e acceso de minorías étnicas especialmente das persoas menores de 30 anos, preferentemente á formación e ao emprego. Estes dispositivos estarán situados nos concellos de A Coruña, Lugo,



Pontevedra, Vigo, Santiago de Compostela, Ferrol e Ourense e atenderán á poboación destes concellos así como a súa área de influencia.

b) Desenvolvemento de accións de apoio dirixidas a impulsar políticas sociais máis activas con estas comunidades. Estas actuacións irán dirixidas ás entidades que traballan directamente con estes colectivos, tanto concellos como entidades de iniciativa social coa finalidade de implementar un modelo de traballo en rede territorial cunha metodoloxía similar, que xeren sinerxias, coñecemento colaborativo e unha estratexia común que permita a adaptación da demanda das persoas xitanas á contorna, identificando novas necesidades e prioridades; redobrando os recursos adicados a incentivar seu emprego e impulsar as actuacións de intermediación laboral có mundo empresarial, reforzando a coordinación coas Administracións, as empresas e outros actores sociais

3. As intervencións perseguirán como obxectivo común a mellora da capacidade de inserción e incorporación das minorías étnicas no mercado de traballo, especialmente das persoas máis novas, así como o impulso de políticas sociais máis activas con estas.

SEGUNDA.- Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións a subvencionar a través deste convenio ascende a 65.920,00€.

Para o cumprimento do obxectivo previsto neste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará a contía de sesenta e cinco mil novecentos vinte euros (65.920,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.313C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 que dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos., cubrindo os seguintes gastos:

TIPO DE GASTO		IMPORTE (€)
PERSOAL		54.753,47
ACTIVIDADES		4.691,51
FUNCIONAMENTO		
	Alugueiro de locais e outros gastos	3.380,84
	Subministros	1.479,48
	Mensaxería	87,04
	Material de oficina	89,24
	Prensa	9,16
	Renting	584,26
SUBTOTAL		5.630,02
AUDITORÍA		845,00
TOTAL		65.920,00

Estes límites poderán sufrir lixeiras variacións, que só serán admitidas pola Consellería de Política Social e Xuventude cando esta estime que as ditas variacións non comprometen a finalidade do programa e non impiden ou dificultan a boa marcha do servizo, cubrindo os gastos esenciais.



TERCEIRA.- Gastos subvencionables

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade, relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira. Para estes efectos consideraranse gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos de persoal, que comprenderá:

1º. Gastos de persoal de carácter directo necesarios para a execución das actividades: Terá a dita consideración o persoal que execute directamente funcións relacionadas co programa ACCEDER subvencionado e que, polo tanto, desenvolvan funcións inequivocamente identificables con ela. A identificación do programa, no caso de traballadores por conta allea, deberá constar no contrato de traballo ou nunha previa asignación de funcións, no caso de que a xornada de traballo estea integramente destinada á execución do programa ou nunha previa asignación de funcións directas, no caso de dedicación parcial da xornada de traballo. Na fase de xustificación, deixará constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores imputables ao programa, explicitando as súas dedicacións horarias a estes, en documento asinado pola persoa responsable da entidade e a persoa empregada e acompañada dos correspondentes partes de traballo. Así mesmo, poderá comprender:

1º.1. En relación a traballadores contratados pola entidade, serán subvencionables as retribucións totais correspondentes á execución do programa, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, vacacións retribuídas e a parte proporcional da paga extraordinaria que lle corresponda.

1º.2. En relación a traballadores por conta propia contratados pola entidade, consideraranse gastos subcontratados e lles será de aplicación o límite máximo para estes gastos establecido no artigo 27 da lei 9/2007, 13 de xuño.

2º. Gastos de persoal de carácter indirecto: Terán a dita consideración aqueles que non teñan vinculación directa co desenvolvemento do programa, pero que resulten necesarios para a súa realización. A asignación destes gastos esixirá a prorrata do programa de acordo a un método xusto e equitativo que constará por escrito con carácter previo á realización dos gastos en función da dedicación horaria previamente asignada e que deberá ser validado previamente polo órgano xestor.

3º. As axudas de custo e gastos de viaxe tamén se rexerán na súa contía pola normativa establecida nos convenios colectivos.

b) Gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización das accións obxecto da subvención: comprenderán gastos do alugueiro debidamente xustificadas, gastos de mantemento do equipamento destinado ao programa, gastos de material e outros necesarios para execución das actividades. Estes gastarán carácter directo sempre que estean vinculados exclusivamente o programa esexan necesarios para a súa execución. No caso de que a vinculación dos mesmos non teña natureza exclusiva serán considerados gastos de carácter



indirecto e serán aplicables ao programa a través dun método de imputación xusto e equitativo que constará por escrito con anterioridade á realización dos gastos e que deberá ser validado previamente polo órgano xestor.

c) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización das accións do programa subvencionable, os de administración específicos e os gastos de auditoría, só serán subvencionables se están directamente relacionados coas accións subvencionadas ou son indispensables para a axeitada preparación ou execución destas. Así mesmo, no caso de que se opte por unha contabilización separada da operación a través da apertura ou mantemento separado nunha conta bancaria específica poderán ser subvencionables os gastos de apertura, no seu caso, e os de mantemento da mesma.

d) Renting ou gastos de amortización derivados da adquisición de mobiliario, equipo, vehículos, infraestruturas, bens inmoables e terreos, asignados exclusivamente durante a execución do programa, e, no caso da amortización, sempre que as axudas públicas non contribuísen á adquisición dos mesmos. A amortización calcularase de conformidade coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas e o custo referirase exclusivamente ao período subvencionable.

e) Os gastos das persoas participantes no programa incluírán: bolsas de desprazamento. Estas bolsas non poderán ser percibidas por persoas titulares dunha renda de inclusión social de Galicia que inclúa ese complemento. A súa contía máxima é de 9 euros día/lectivo sempre que non superen no seu conxunto o 20 por 100 % do importe total do programa subvencionado.

f) Así mesmo, consideraranse subvencionables os gastos derivados dos seguros de accidentes, así como aqueles outros destinados a cubrir continxencias de risco derivadas da actividade subvencionada

CUARTA.- Subcontratación

A Fundación Secretariado Gitano é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución parcial de actividades ata unha porcentaxe do 20% do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio para a súa debida execución.

A subcontratación terá por obxecto a execución de actuacións necesarias para o desenvolvemento das accións do programa subvencionado, dirixido ás minorías étnicas có fin de promover a súa inclusión social a través de políticas activas centradas na loita contra a discriminación.

A fundación no seu caso, comunicará a subcontratación á Dirección Xeral de Inclusión Social. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



QUINTA.- *Inexistencia de relación laboral*

A subscrición do presente convenio non implicará relación contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que desenvolvan as accións do programa obxecto de subvención, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento das actuacións subvencionadas a través deste convenio.

SEXTA.- *Obrigas da Fundación Secretariado Gitano*

A Fundación Secretariado Gitano, con suxeición á normativa aplicable e aos termos do convenio comprométese a cumprir todos os requisitos e obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, entre os que se atopan:

a) Realizar as accións derivadas do obxecto do programa a subvencionar a través do convenio.

b) Facilitar toda a información requirida pola Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control, así como estar ao corrente nas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Inclusión Social poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles esta información agás oposición expresa da Fundación Secretariado Gitano que neste caso deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención: certificado de estar o corrente no cumprimento das obrigas tributarias expedido pola Axencia Tributaria e fronte a Seguridade Social, expedido pola Tesoureira Xeral da Seguridade Social e non ter pendente de pago algunha debida coa Administración pública da comunidade autónoma, expedido pola Axencia Tributaria de Galicia da Consellería de Facenda.

c) Subministrar a información que lle sexa requirida para o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

d) Non difundir calquera información que afecte aos procedementos e resultados das intervencións que se deseñen no marco das actuacións a subvencionar a través deste convenio.

e) Adecuar a forma de presentación dos datos relativos á execución das actuacións, así como os instrumentos xustificativos do gasto, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, e á Lei 39/2015, do 1 de outubro.

f) Cumprir as normas de información e publicidade derivadas da cofinanciación destas actividades pola Comunidade Autónoma Galega, sen prexuízo das restantes obrigas de información e publicidade que se deriven do financiamento comunitario



das accións obxecto de cofinanciación.

g) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como, cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras da subvención coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

h) Para asegurar o cumprimento das accións establecidas a Fundación Secretariado Gitano emitirá, no prazo de dez días hábiles desde que sexa requirido, un informe que reflecta o grao de execución das mesmas.

i) Acreditar a realización do obxecto así como a aplicación dos fondos ao fin destinado de acordo co establecido na cláusula terceira.

j) Conservar durante 5 anos os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto de comprobación e control.

k) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño e 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dalei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estas medidas consistirán na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia e lenda alusiva ao financiamento público do programa por parte desta en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais, entre outros, que teñan relación co programa subvencionado.

l) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do correspondente expediente dereintegro levarase de acordo co procedemento establecido no título II da lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

m) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.

SÉTIMA.- Xustificación

1. Respecto á forma de xustificación e pagamento estarase ao disposto na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2023, ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación.

A xustificación da realización das actuacións obxecto do programa a subvencionar através deste convenio realizarase a través da presentación de conta xustificativa que incorpore unha memoria de actuación e unha memoria económica abreviada na que se reflecta unha relación de gastos, con indicación do acredor, importe e data de



pago e, si é o caso, outros ingresos que financien a actividade, con achega dun informe de auditoría, de acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. O informe de auditoría que achegue a entidade axustarase ao disposto na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvención, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e polo disposto neste convenio. A verificación que figure no informe de auditoría terá, en todo caso, o seguinte alcance:

a) O cumprimento por parte de Secretariado Gitano das obrigas establecidas neste convenio e no resto da normativa que lle é de aplicación na xestión e aplicación da subvención.

b) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte da entidade.

c) A realidade e a regularidade da operación financiada.

d) O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.

O informe da persoa auditora permitirá obter evidencia suficiente para poder emitir unha opinión sobre a execución dos gastos do programa. En todo caso no dito informe conterá a seguinte comprobación:

a) Que a conta xustificativa foi subscrita polo representante legal da entidade ou persoa con capacidade, debendo anexar ao informe unha copia dela selada pola persoa auditora.

b) Que existe concordancia entre a memoria de actuación e os documentos utilizados para realizar a revisión da xustificación económica.

c) Que o importe xustificado corresponde ao concedido, e que se atopa correctamente desagregado e identificado na conta xustificativa, con indicación das imputacións aplicadas.

A revisión abarcará a totalidade dos gastos incorridos na realización das actividades subvencionadas. No caso doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá indicar o seu importe e a súa procedencia.

d) Que o gasto declarado é real e elixible e que está debidamente acreditado e xustificado conforme a normativa vixente. Para iso no informe deberá confirmarse:

1º. Que os gastos realizados e imputados ao programa gardan unha relación directa con el, e son conformes coas normativas autonómica, nacional e comunitaria en materia de elixibilidade de gastos e subvencións.

2º. Que as facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio



equivalente que figuran na relación de gastos contan cos datos requiridos pola lexislación vixente, e que os devanditos gastos foron realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, salvo aqueles que pola súa propia natureza deban liquidarse en datas posteriores.

e) Que Secretariado Gitano utiliza un sistema de contabilidade separada ou codificación contable que permite a inequívoca identificación dos gastos realizados.

f) Que Secretariado Gitano dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.

g) Pronunciamento sobre a elixibilidade do IVE imputado ao programa e que non é susceptible de recuperación ou compensación.

h) Que existe acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, fotocopias, captura de pantallas) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

3. As actuacións subvencionadas comprenderán os gastos realizados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2023, tendo que presentar a documentación xustificativa antes do 20 de novembro de 2023, data que se considera como límite da xustificación aos efectos do artigo 37.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA.- *Forma de pagamento*

O pagamento efectuarase previa presentación da conta xustificativa de gasto que permita acreditar o cumprimento do programa obxecto de subvención, cuxo contido se detalla na cláusula sétima.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

NOVENA.- *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.



DÉCIMA.- *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes da Fundación Secretariado Gitano, designados por cada unha das persoas representantes das partes así comoos seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Xuventude, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de inclusión social.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de inclusión social, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia."

DÉCIMO PRIMEIRA.- *Causas de resolución e reintegro*

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) O transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo se fose o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude, poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.



En canto aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO SEGUNDA.- *Modificación*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais cando sumadas o importe do convenio superen o custo total da actividade, poderá dar lugar á modificación do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- *Vixencia e efectos*

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Non obstante, os gastos das actuacións subvencionables a través do presente convenio que realizase a Fundación Secretariado Gitano dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

DÉCIMO CUARTA.- *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes.

Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso.

Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na



Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- *Transparencia e publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos Nacional de subvencións.

DÉCIMO SEXTA.- *Información básica sobre protección de datos persoais.*

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do



5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Xuventude

O director xeral da Fundación Secretariado
Gitano

Fabiola García Martínez

Isidro Juan Rodríguez Hernández

